

Dende a Secretaría Xeral do Deporte notificase á FEGADO que, para xustificar a subvención correspondente ó **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2023**, a FEGADO deberá achegar xustificación dos gastos de todos aqueles convenios asinados entre a FEGADO e os clubs e os gastos individuais dos orientadores do seguinte xeito:

Para xustificar os gastos da organización de probas do programa **Actividade deportiva de promoción**, que inclúe actuacións en idade escolar, de promoción do xénero menos representado e de inclusión de deportistas con discapacidade e no programa **Outros proxectos de especial relevancia (PER)**, os clubs deberán achegar de maneira urxente á FEGADO, facturas a nome do correspondente club por importe superior á cantidade establecida no convenio, relacionadas cos gastos derivados da organización das actividades levadas a cabo en cada unha das actuacións: arbitaxes, alugueiro de instalacións ou material deportivo específico, material deportivo (non inventariable), ambulancias, publicidade, carteleira, trofeos, medallas, equipamento, sistemas de comunicación e difusión, ou outro material que se considere de necesidade para o seu desenvolvemento. (No caso de subscribir un convenio para a organización con outra entidade, teranse en conta os pagos derivados da delegación parcial ou total da organización, sempre que estean desagregados os conceptos de gastos e enténdanse estes concordantes co convenio asinado entre federación e a entidade así como cos gastos subvencionables aquí recollidos).

No caso da xustificación do convenio para a **inscrición nos Campionatos de España**, en calquera das modalidades da Orientación, dos orientadores compoñentes da Selección Galega, **os clubs achegarán a factura da inscrición correspondente ó nome do club.**

Respecto ás axudas para **gastos de desprazamento, manutención e aloxamento nos Campionatos de España**, en calquera das modalidades da Orientación, dos orientadores compoñentes da Selección Galega, para que dende a FEGADO se abonen as cantidades establecidas **aos seleccionados**, a xustificación farase coas correspondentes axudas de custo, facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte, e incluírá en todo caso, o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación das persoas que viaxan e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademais a factura detallada dos servizos prestados e o documento acreditativo do seu pagamento.

No programa de **Tecnificación**, se subvencionan os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento dos deportistas incluídos neste programa derivados da asistencia a concentracións, adestramentos e competicións, e para que a FEGADO abone as cantidades establecidas aos **orientadores**, a xustificación farase coas correspondentes axudas de custo, facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte, e incluírá en todo caso, o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación das persoas que viaxan e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademais a factura detallada dos servizos prestados e o documento acreditativo do seu pagamento.

Este mesmo criterio seguirase para xustificar a subvención concedida para o ano 2024.

Tesouraría da FEGADO

Visto e prace da Presidenta